



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 1 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU

ÍNDICE

I. Obxecto, alcance temporal do servizo, réxime xurídico, órgano e procedemento de contratación.

- I.1. Obxecto do contrato e clasificación do servizo
- I.2. Alcance temporal na prestación do servizo polo concello de Bueu derivado da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local
- I.3. Normas aplicables
- I.4. Órgano de contratación
- I.5. Procedemento de adxudicación e tramitación do expediente

II. Duración do contrato e prórroga.

III. Valor estimado e financiamento do contrato.

- III.1. Valor estimado
- III.2. Sistema de determinación do prezo
- III.3. Disponibilidade orzamentaria
- III.4. Financiamento do contrato

IV.- Revisión de prezos.

V.- Garantías

- V.1. Provisional
- V.2. Definitiva

VI.- Consulta do expediente, resolución de dúbidas dos PCAP e dos PPT e perfil do contratante

VII.- Capacidade para contratar

VIII.- Unións temporais de empresas

IX.- Requisitos mínimos de solvencia

- IX.1. Solvencia económica e financeira: medio de acreditación, criterio de solvencia e documentación xustificativa
 - IX.1.A. Seguro de indemnización por riscos profesionais
 - IX.1.B. Declaración sobre el volumen global de negocios e, no seu caso, sobre o volumen de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 2 of 45

| |
|---|
| DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 Bueu, a de 2015 A Secretaria do concello Nuria Lobato Del Río |
|---|

IX.2. Solvencia técnica ou profesional: medio de acreditación, criterio de solvencia e documentación xustificativa

IX.2.A Servizos análogos

IX.2.B Rexistrado como entidade prestadora de servizos sociais da Xunta de Galicia

X. Proposicións.

X.1. Lugar e prazo de presentación

X.2. Documentación

X.2.1. Declaración responsable e documento de aceptación de forma de comunicación/notificación

X.2.1.A Declaración responsable

X.2.1.B Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación

X.2.2.Sobre A: Proxecto técnico de prestación de servizo

X.2.3.Sobre B: Oferta económica e melloras gratuítas

X.2.4.Documentos orixinais e lingua

XI. Adxudicación do contrato

XI.1. Criterios de adxudicación

XI.1.A. Criterios valorables mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas matemáticas:

XI.1.A.a.Mellora á baixa do prezo establecido na cláusula III dos presentes pregos: **Ata 40 ptos.**

XI.1.A.b.Melloras na prestación de atencións profesionais complementarios a maiores dos previstos nos pregos, sen custo adicional: **Ata 20 ptos.**

XI.1.B. Criterios non valorables mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas matemáticas: Mellor proxecto técnico da prestación do servizo. **Ata 40 ptos.**

XI.2. Ofertas temerarias

XI.3. Normas Xerais

XI.4. Apertura e valoración das ofertas

XI.5. Presentación de documentación e adxudicación do contrato

XI.5.A. Documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

XI.5.B. Documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

XI.5.C. Documentación xustificativa de ter aboado tódolos anuncios de licitación

XI.5.D. Documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia económico-financiera e técnica

XI.5.E. Documentación relativa ao persoal adscrito á prestación do servizo

XII. Mesa de contratación

XIII. Formalización do contrato e obrigas previas



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 3 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

XIV. Execución do contrato

XIV.1. Relación entre o Concello e o contratista

XIV.1.A. Organización do servizo

XIV.1.B. Funcionamento e coordinación

XIV.1.C. Control

XIV.1.D. Relacións co usuario

XIV.2. Dereitos e obrigas

XIV.2.A. Potestades do Concello

XIV.2.B. Obrigas da entidade adxudicataria

XIV.3. Subrogación do persoal

XIV.4. Modificacións contractuais

XV. Sucesión na persoa do contratista

XVI. Responsable do contrato

XVII. Execución defectuosa e demora. Penalidades

XVII.A. Infraccións leves

XVII.B. Infraccións graves

XVII.C- Infraccións moi graves

XVIII. Prazo de garantía e devolución da garantía definitiva

XIX. Abono do prezo

XX. Propiedade dos traballos realizados

XXI. Resolución e extinción do contrato

XXII.- Cláusula especial de resolución do contrato por mor do previsto na disposición transitoria 2ª da lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostenibilidade da administración local

XXIII. Xurisdicción competente e recurso especial en materia de contratación

ANEXO I.- CADRO RESUMO DO CONTRATO

I.- Objeto del contrato

II.- Prezo e forma de pago

III.- Duración

IV.- Procedemento e tramitación

V.- Proposicións

VI.- Requisitos de solvencia:

.- Solvencia económica e financeira

.- Solvencia técnica ou profesional

VII.- Réxime de garantías

VIII.- Subcontratación

IX.- Responsable do contrato



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 4 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

X.- Penalidades

XI.- Causa especial de resolución contractual

XII. Réxime de recursos

ANEXO II.- MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE

ANEXO III. INFORME RELATIVO AO VALOR ESTIMADO DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR MODALIDADES (DEPENDENCIA E BÁSICO)

ANEXO IV. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

ANEXO V. PERSOAL A SUBROGAR

ANEXO VI.-PERSOAS USUARIAS DE AXUDAS TÉCNICAS



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 5 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ A LICITACIÓN PARA CONTRATAR, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DO CONCELLO DE BUEU

I. OBXECTO, ALCANCE TEMPORAL DO SERVIZO, RÉXIME XURÍDICO, ÓRGANO E PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

I.1. Obxecto do contrato e clasificación do servizo.

O obxecto deste contrato é a prestación do servizo de axuda no fogar, consonte o establecido no presente prego (PCAP) e no prego de prescricións técnicas particulares (PPT).

O servizo comprende a atención no fogar e a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia como servizo social comunitario básico consistente na prestación aos cidadán no seu domicilio dun conxunto de atencións dende unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desintegración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia e evitando así a súa posible institucionalización.

A prestación do servizo deberá axustarse, en todo caso, ao disposto na normativa sectorial que lle sexa de aplicación e, concretamente ao disposto na seguinte normativa:

1. Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
2. Lei 39/2006 de 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia
3. Orde de 22 de xaneiro de 2009 da Vicepresidencia da igualdade e benestar da Xunta de Galicia, Decreto 99/2012, do 16 de marzo, da consellería de traballo e benestar da Xunta de Galicia, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63 de 30.03.12)
4. Decreto 149/2013, de 5 de setembro, da Consellería de Traballo e benestar, polo que se define a cartera de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e a determinación do sistema de participación das persoas usuarias na financiación do seu coste
5. Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de Bueu (BOP núm. 93 de 16.5.2014)

Os requisitos mínimos para a prestación do servizo axustaranse ao disposto no informe da coordinadora do SAF Bueu e traballadora social do concello, M^a Dolores Loira Rodríguez, de 12.3.2015, que se adxunta como anexo VII aos presentes pregos.

O contrato defínese como de servizos ao abeiro do disposto no artigo 10 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14.11, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) coa categoría 25 (servizos sociais e de saúde) segundo o anexo II do TRLCSP).

A clasificación do servizo consonte ó Vocabulario Común de Contratos (CPV) do Regulamento (CE) nº 2195/2002, modificado polo Regulamento CE núm. 213/2008 é a seguinte: 98513310-8 (Servizos de axuda en tarefas domésticas) e a codificación correspondente da nomenclatura da clasificación de actividades económicas (CNAE) é a 88.1 (servizos sociais sen aloxamento para persoas maiores con discapacidade)



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 6 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

I.2. Alcance temporal na prestación do servizo polo concello de Bueu derivado da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local.

O servizo obxecto do contrato vén sendo prestado polo Concello de Bueu en exercizo de competencias non novas, distintas das propias e das atribuídas por delegación, que supón, na actualidade, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos nos termos sinalados na lei galega 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local (LRSAL).

A prestación do servizo obxecto do contrato polo concello de Bueu realízase sen perxuízo de que as competencias en materia de “prestación de servizos sociais”, na que se incardinan os servizos públicos obxecto do contrato, formen parte do ámbito competencial autonómico en virtude do art. 27.3.c) da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local na redacción dada pola LRSAL.

Neste senso, o alcance temporal da prestación do servizo obxecto da contratación quedará afectado pola previsión contida na LRSAL da que resulta que a Xunta de Galicia, como administración autonómica deberá asumir a titularidade das competencias que se preveían como propias del Municipio, relativas á prestación dos servizos sobxecto contrato, con independencia de que o seu exercicio se houbera realizado polos Municipios debendo asumir a cobertura inmediata de dita prestación sen perxuízo da posibilidade das Comunidades Autónomas de delegar ditas competencias nos Municipios. Se chegado o prazo establecido na norma para que a Xunta de Galicia, como administración autonómica titular do servizo, non asume o exercicio dos servizos da súa competencia ou non teña conferida a correspondente delegación nos termos sinalados anteriormente, o municipio poderá seguir prestando estes servizos con cargo á Xunta de Galicia.

I.3. Normas aplicables.

O presente contrato de servizo ten carácter administrativo, tal e como establecen os arts. 10 e 301 do TRLCSP, e ámbas as partes quedan sometidas expresamente ao disposto no citado texto refundido, e as súas disposicións de desenvolvemento, concretamente, no que non se atope derogado por ésta, polo Regulamento xeral da lei de contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, de 12/10 e no Real decreto 817/2009, de 08/05, que desenvolve parcialmente a lei 30/2007; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

O presente contrato rexerá polo disposto neste Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e no de Prescricións Técnicas (PPT), que revestirán carácter contractual. O contrato que se asine axustarase ao contido deste prego cuxas cláusulas considéranse parte integrante do mesmo. No caso de contradición entre o PCAP e o PPT prevalecerá o primeiro. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte do mesmo, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole aprobadas pola Administración municipal, que puideran ser de aplicación na execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.

Para os efectos do presente prego e do TRLCSP están suxeitos á regulación harmonizada os contratos de servizo cuxo valor estimado sexa igual ou superior á cantidade que figura no seu art. 16.1. Neste senso, O PRESENTE CONTRATO NON ESTÁ SUXEITO Á REGULACIÓN HARMONIZADA.

I.4. Órgano de contratación.-



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 7 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

O órgano de contratación é a Xunta de goberno local do Concello de Bueu, por delegación de alcaldía efectuada mediante resolución de alcaldía de 14.06.11 (BOP núm. 145 de 29.07.11). Dito órgano ten as facultades relativas á adxudicación do correspondente contrato e, as prerrogativas de interpretalo, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificarlo por razóns de interés público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, co sujeción á normativa aplicable.

Os acordos que a este respecto dicte serán executivos, sen perxuízo do dereito do contratista a súa impugnación perante a Xurisdicción competente.

I.5. Procedemento de adxudicación e tramitación do expediente.-

O contrato adxudicarase polo procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, nos termos sinalados nos arts. 157 a 161.2 do TRLCSP, e tramitación ordinaria.

II.- DURACIÓN DO CONTRATO E PRÓRROGA.

O prazo de duración do contrato será de dous (2) anos estando previsto o seu inicio na data seguinte á de formalización do contrato en documento administrativo, e poderá ser prorrogado, por mutuo acordo das partes antes do remate deste, polo prazo dun (1) ano, sen que a duración total do contrato, incluída a prórroga, poida exceder de tres (3) anos.

A intención de prorrogar o contrato deberá manifestarse cunha antelación mínima de tres meses antes da data da súa finalización.

No caso de que o contrato se prorrogue, manteráanse inalterados os prezos iniciais.

Non obstante o anterior, a duración do contrato queda determinado e condicionado polo alcance temporal na prestación do servizo polo concello de Bueu derivado da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local definido na cláusula I.2 dos PCAP, de xeito que no caso de asunción pola Administración autonómica dos servizos obxecto da contratación da súa competencia o contrato resolverase anticipadamente por desaparición da causa competencial que o motivou cos efectos previstos na cláusula XXII destes pregos.

O servizo non poderá ser interrompido nin siquiera por causa de cumprimento do prazo contractual, sendo obrigatorio para a empresa adxudicataria continuar coas prestacións obxecto do contrato nas mesmas condicións ata que se leve a cabo unha nova adxudicación ou, en todo caso, cun límite máximo de seis (6) meses

III.- VALOR ESTIMADO E FINANCIAMENTO DO CONTRATO

III.1.- Valor estimado.- O valor estimado do contrato resulta da estimación do servizo contido no informe da coordinadora do SAF Bueu e traballadora social do concello, M^a Dolores Loira Rodríguez, de 9.4.2015, que se adxunta como anexo III aos presentes pregos, tendo en conta que a estimación do SAF PERSOAS DEPENDENTES realizouse considerando que a hora laboral é a realizada entre as 7:00 h. e as 22:00 h., e considerando como festivos os sinalados no calendario laboral aprobado anualmente pola Xunta de Galicia para o concello de Bueu. Asemade, nos termos que resultan do informado polo representante da empresa que ven prestando na actualidade o servizo (IDADES S.L.) o número de usuarios atendidos con data 16.4.2015 é o seguinte:



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/5/C23-15

Page 8 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Modalidade DEPENDENCIA: 16 usuarios cun total de 733 H.

Modalidade PRESTACIÓN BÁSICA: 9 usuarios, cunha media mensual de 252 H.

Logo do anterior, dado que se prevé unha duración do contrato de dous anos prorrogable por un ano máis (máximo de tres anos), o valor estimado é o seguinte:

| MODALIDADE DO SAF | IMPORTE ANUAL (SEN IVE) | IVE APLICABLE | IMPORTE ANUAL (CON IVE) | IMPORTE TOTAL (SEN IVE) (incluída prórroga) | IMPORTE TOTAL (CON IVE) (incluída prórroga) |
|---|-------------------------|---------------|-------------------------|---|---|
| S.A.F. PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA | 140814,72€ | 4% | 146682€ | 422444,16€ | 439341,9264 € |
| S.A.F. EN RÉX. DE CONCORRENCIA (SAF BÁSICO) | 30888,648€ | 10% | 34320,72€ | 92665,94 € | 101932,53 € |

Os cálculos anteriores resultan da aplicación do sistema de determinación do prezo sinalado no apartado seguinte da presente cláusula no seguinte senso:

| MODALIDADE DO SAF | NÚM. MÁX HORAS AO MES | NÚM. MÁX HORAS AO ANO | PREZO HORA (SEN IVE) | IVE APLICABLE | IMPORTE ANUAL (SEN IVE) | IMPORTE ANUAL (CON IVE) | APLIC. ORZAMENTARI A (ORZAMENTOS 2015) | IMPORTE TOTAL (SEN IVE) (incluídas as prórrogas) | IMPORTE TOTAL (CON IVE) (incluídas as prórrogas) |
|---|-----------------------|-----------------------|------------------------|---------------|-------------------------|-------------------------|--|--|--|
| S.A.F. PARA PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA | 977 h. | 11724 h. | 11,98 EUROS (LABORAIS) | 4,00% | 140814,72 euros | 146682 euros | 231.227.07 | 422444,16€ | 439341,9264 € |
| | | | 12,98 EUROS (FESTIVOS) | | | | | | |
| S.A.F. EN RÉX. DE CONCORRENCIA (SAF BÁSICO) | 217 h. | 2604 h. | 11,98 EUROS | 10,00% | 30888,648 euros | 34320,72 euros | 231.227.07 | 92665,94 € | 101932,53 € |

As proposicións económicas dos licitadores non poderán exceder deste orzamento máximo, no que se inclúen todas as contraprestacións económicas dos custos do servizo tales como a organización técnica e empresarial, do persoal asignado á súa prestación e a súa formación, substitucións, baixas temporais, seguros, transportes e desprazamentos, gastos xerais, financeiros e impostos, ou beneficio industrial e os gastos do tempo de traslado e descanso do persoal auxiliar.

Os gastos do anuncio de licitación, de ser o caso, serán asumidos polo adxudicatario e deberá xustificarse o seu aboamento nos termos sinalados na cláusula X.4.b) do presente prego.

III.2.- Sistema de determinación do prezo. En cumprimento dos arts. 302 do TRLCSP e 197 do RGC o importe do contrato determinase en función do número de horas efectivas de prestación do servizo efectuado pola empresa adxudicataria en base aos prezos públicos que



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 9 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

resultan dos artigos 17.5 e 18.4 da Ordenanza municipal do SAF do concello de Bueu (BOP núm. 93 de 16.5.2014)

III.3.- Disponibilidade orzamentaria. A aplicación orzamentaria das obrigas económicas que se derivan do cumprimento do contrato é a 231.227.07, para a prestación do SAF suxeito á lei de dependencia, e a 231.227.06, para a prestación do SAF en réxime de libre concorrencia (SAF básico), do orzamento 2015.

Sendo o gasto de carácter plurianual, de conformidade co art. 174 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 05/05, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais e o 79 e seguintes do Real decreto 500/90, a realización do gasto para os exercizos futuros (2016, 2017 e 2018), estará subordinada e condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercizos correspondentes para financiar as obrigas derivadas do contrato de conformidade co art. 110 del TRLCSP.

Neste senso, o concello comprométese a consignar nos exercizos correspondentes o crédito necesario para facer fronte ao gasto que derive da celebración do contrato que correspondan cada ano, coas limitacións que se determinen nas normas presupuestarias aplicables ao respecto, en cada momento, ás Entidades Locales.

III.4.- Financiamento do contrato. A prestación obxecto da contratación acollese ás seguintes liñas anuais de axudas e subvencións públicas:

| ADMINISTRACIÓN CONVOCANTE | PLAN/PROGRAMA DE AXUDAS AO SAF | REGULACION | MODALIDADE DO SAF SUBVENCIONABLE |
|--|---|--|----------------------------------|
| XUNTA DE GALICIA Consellería de Traballo e Benestar | Plan concertado correspondente á prestación de servizos sociais de axuda no fogar | Decreto 99/2012 de 16.03 que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento | SAF Dependencia |
| DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA | Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais | (ANO 2015)- Bases reguladoras aprobadas o 06.2.2015 (BOP núm. 30 de 13.2.2015) | SAF Básico |

IV.- REVISIÓN DE PREZOS

De acordo co establecido no artigo 89 do TRLCSP, na redacción dada pola disposición final 3ª da lei 2/2015, de 30 de marzo, de desindexación da economía española, o presente contrato non poderá ser obxecto de revisión de prezos.

V.- GARANTÍAS

V.1 Garantía provisional.- De conformidade co previsto no artigo 103.1 do TRLCSP, para optar á esta licitación non se esixe a constitución de garantía provisional.

V.2. Garantía definitiva.- O órgano de contratación requirirá ao licitador que presentara a oferta economicamente máis vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que tivera recibido o requirimento, constituía garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP. De non cumprirse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta.

A citada garantía poderá constituírse mediante retención do prezo e en calquera das formas admitidas no artigo 96-TRLCSP e nos artigos 55, 56, 57 e 58 do RXLCAP. Cando a garantía se constituía mediante retención do prezo, levarase a cabo nos primeiros abonos ata completar o importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, de acordo co artigo 151.2TRLCSP.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 10 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Cando como consecuencia da modificación do contrato, experimente variación o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía no prazo de 15 días naturais, contados dende a data na que sexa notificado ao adxudicatario o acordo de modificación, a efectos de que garde a debida proporción co novo prezo do contrato resultante da modificación, incorrindo, en caso contrario, en causa de resolución contractual.

VI. - CONSULTA DO EXPEDIENTE, RESOLUCIÓN DE DÚBIDAS DOS PCAP E PPT E PERFIL DO CONTRATANTE

O expediente contractual é público e, xa que logo, os PCAP, PPT e os restantes documentos administrativos que del forman parte, regulan o mesmo, poderán ser examinados do xeito indicado na presente cláusula.

O PCAP así como os PPT, xunto cos demais documentos que integran o expediente, estarán de manifesto na Secretaría Xeral do Concello de Bueu, ata o momento en que finalice o prazo de presentación de proposicións, de luns a venres en horario de 9:00 a 14:00 horas.

A licitación publicarase no Perfil do Contratante. No Perfil do Contratante do órgano de contratación, publicarase os PCAP, PPT, así como a adxudicación do contrato e calquera outro dato e información referente a súa actividade contractual, de acordo co establecido no artigo 53 do TRLCSP.

O acceso público ao Perfil do Contratante efectuarase a través do portal da web municipal (www.concellodebueu.org).

Para a obtención de información que poidera solicitarse polos interesados estarase ao seguinte:

- 1) Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión de aqueles documentos que non se atopen publicados no perfil de contratante municipal.
- 2) Que só será obrigatoria para a administración municipal a remisión daquela documentación ou información que sexa precisa, ou convinte, para a formulación das ofertas.

A obtención de copias implicará o abono da taxa establecida na correspondente ordenanza fiscal.

En materia de aclaración do contido do presente prego e o de prescripcóns técnicas e, no seu caso, demais documentación complementaria, todos os interesados poderán dirixir a súas dúbidas e consultas que estimen convintes mediante correo electrónico dirixido á dirección contratacion@concellodebueu.org, cunha antelación mínima de 48 horas ao remate do prazo de presentación de solicitudes de participación. O concello publicará no taboleiro de anuncios da casa consistorial e no seu perfil do contratante as consultas e respostas coa salvagarda da identidade da persoa física ou xurídica que a formule

VII. CAPACIDADE PARA CONTRATAR.

Poderán concorrer, por si ou por medio de representantes, as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar non estean comprendidas nalgunha das circunstancias que enumera o artigo 60 do TRLCSP, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou estean debidamente clasificadas nos supostos a que se refire a cláusula IX nos termos establecidos no art. 74 e seguintes do TRLCSP.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 11 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

Así mesmo, os empresarios deberán contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus propios estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Especificamente para este servizo os licitadores deberán acreditar estar en posesión da autorización de ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS SOCIAIS consonte á normativa de aplicación.

Deberán adquirir o compromiso de adscripción á execución do contrato dos medios personais e materiais suficientes para levala a cabo axeitadamente e cuxa efectiva adscripción considerárase obriga esencial aos efectos previstos no artigo 223.g do TRLCSP.

Para as empresas non comunitarias, comunitarias e unións de empresarios, estarase ao disposto nos artigos 55, 57 e 59 do TRLCSP, respectivamente.

No poderán concorrer ás licitacións empresas que houberan participado na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato, por sí ou mediante unión temporal de empresarios, sempre que a devandita participación poda provocar restricións á libre concorrencia ou supor un trato privilexiado con respecto ás restantes empresas licitadoras.

VIII. UNIÓNS TEMPORAIS DE EMPRESAS.

A Administración municipal poderá contratar con unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co establecido no artigo 59 do TRLCSP.

Para estes efectos cada unha das empresas que a compoñen deberán indicar nomes e circunstancias dos que a constituán e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. Así mesmo deberán presentar cada unha delas a documentación esixida na cláusula IX e acreditar a súa capacidade e solvencia nos termos do presente prego, acumulándose para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal as características acreditadas para cada un dos seus integrantes.

No suposto de resultar adxudicataria, as unións temporais deberá formalizar esta, en escritura pública, así como presentar o CIF de unións temporais, todo iso dentro do prazo de quince días seguintes ao da data en que reciba a notificación de adxudicación, e a súa duración será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente diante da administración municipal.

IX.- REQUISITOS MÍNIMOS DE SOLVENCIA.

Os requisitos mínimos de solvencia que debe reunir o empresario e a documentación requirida para acreditar estes, vinculados ao obxecto do contrato de servizo e proporcionais a este, definidos por aplicación do art. 62.2 do TRLCSP, son os seguintes:

IX.1. Solvencia económica e financeira: Os medios de acreditación serán os previstos no artigo 75.1 a) ou c) do TRLCSP do seguinte xeito:

A.- Seguro de indemnización por riscos profesionais.

Medio de acreditación: O establecido no art. 75.1.a) do TRLCSP "Seguro de indemnización por riesgos profesionais"



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 12 of 45

| |
|---|
| DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 Bueu, a de 2015 A Secretaria do concello Nuria Lobato Del Río |
|---|

Criterio de solvencia e documentación xustificativa: Ter subscrito e en vigor un seguro de indemnización por riscos profesionais polo importe igual ou superior ao valor estimado do contrato. A xustificación realizarase mediante a presentación de xustificante da póliza do seguro de indemnización por riscos profesionais suscrito a nome do licitador xunto co correspondente recibo acreditativo do seu pago..

B. Declaración sobre el volumen global de negocios e, no seu caso, sobre o volumen de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato

Medio de acreditación: O establecido no art. 75.1.c) do TRLCSP “Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ao obxecto do contrato, referido como máximo aos tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida que se dispoña das referencias do devandito volume de negocios”

Criterio de solvencia: A cifra de volume de negocios global da empresa en cada un dos tres exercicios (2012-2013-2014) haberá de ser **igual ou superior** ao importe do presuposto base de licitación. Para as empresas de recente creación, soamente se terá en conta o período a partir do cal se inicia a súa actividade debendo gardarse non obstante, a debida proporcionalidade conforme ao requisito mínimo establecido

Documentación xustificativa: A xustificación realizarase mediante a presentación da declaración-resumo anual do Imposto sobre o Valor Engadido (modelo 390), do Imposto de Sociedades ou do IRPF. Só para aquelas empresas que non están obrigadas a presentar declaración-resumo anual de IVE, toda vez que a data de presentación de documentación non sexa coincidente co prazo para presentar na Axencia Tributaria a declaración relativa ao Imposto de Sociedades 2014, presentarán declaración responsable sobre o volume global de negocios dese exercicio 2014, presentando para os exercicios 2012 e 2013 imposto de sociedades ou do IRPF.

IX.2. Solvencia técnica ou profesional. Os medios de acreditación serán os previstos no artigo 78.a) do TRLCSP e o previsto na lei 39/2006 de 14 de decembro e no Decreto 254/2011, de 23 de decembro, que regula o réxime de autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia do seguinte xeito:

A.- Servizos análogos

Medio de acreditación: O establecido no art. 78.a) do TRLCSP “Unha relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado, destes. (...)”

Criterio de solvencia: En dita relación, deberá figurar alomenos, a prestación do servizo de axuda no fogar, cunha duración total non inferior a dous anos, na que alomenos, un ano de execución se atope entre os derradeiros tres anos.

Documentación xustificativa: Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; se é o caso, estes certificados



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 13 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente.

B.- Rexistrado como entidade prestadora de servizos sociais da Xunta de Galicia

Medio de acreditación e documentación xustificativa: O establecido no art. 8 do Decreto 254/2011, de 23 de decembro, que regula o réxime de autorización, acreditación e inspección dos servizos sociais de Galicia consistente na certificación acreditativa de atoparse rexistrado como ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS SOCIAIS DA XUNTA DE GALICIA

Criterio de solvencia: A entidade que concorra á licitación deberá figurar inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia .

X. PROPOSICIÓNS:

X.1. Lugar e prazo de presentación.

As proposicións para poder tomar parte no procedemento aberto presentaranse no Rexistro Xeral do concello sito na planta baixa da Casa Consistorial, dentro do prazo de QUINCE (15) DÍAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio do contrato no B.O.P., sen perxuízo da publicación do correspondente anuncio no perfil do contratante nos termos esixidos no art. 142 do TRLCSP e no taboleiro de anuncios da casa consistorial, en horas de oito a catorce, de luns a venres, e de nove trinta a trece horas, os sábados.

A presentación de proposicións poderá realizarse ben persoalmente ou ben mediante envío por mensaxería entregado no lugar e prazo sinalado anteriormente. Tamén poderá realizarse mediante envío por correo.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío nas Oficinas de Correos e anunciará a remisión da súa oferta ao órgano de contratación, no mesmo día, mediante télex, fax ou telegrama remitido ao número do Departamento de secretaría (fax núm. 986 322 099). Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora da terminación do prazo sinalado na invitación.

Non poderán presentarse as proposicións por medio electrónicos, telemáticos ou informáticos, ao non dispor o concello de Bueu dun programa informático ao efecto.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de tódalas propostas por el subscritas.

A proposición quedará conformada pola documentación contida na cláusula X.2.1 e por DOUS (2) SOBRES PECHADOS (A e B), "Proxecto técnico de prestación do servizo" e "Oferta económica e melloras gratuítas", respectivamente, relacionados na cláusula X.2.2 e X.2.3. En cada un dos sobres figurará externamente o NOME DO LICITADOR e, no seu caso, do REPRESENTANTE, DOMICILIO SOCIAL, TELÉFONO, CORREO ELECTRÓNICO e FAX, a efectos de comunicación, así como o TÍTULO DO SERVIZO "SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU", e incluírá a documentación que se indica no apartado seguinte



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 14 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

A presentación da proposición ou solicitude de participación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións deste prego, sen salvedade ou reserva algunha.

X.2. Documentación.

X.2.1.-Declaración responsable e Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Estes documentos presentaranse de forma independente e fóra dos sobres A e B.

A) Declaración responsable.

A aportación da documentación esixible ao abeiro do disposto no apartado 1 do art. 146 do TRLCSP, na modificación operada pola lei 14/2013, de 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e su internalización, relativa á acreditación da personalidade e representación do licitador, e da clasificación e/ou solvencia económico-financieira e técnica substituirase por unha declaración responsable según o modelo que figura como anexo II, sen perxuízo de que sexa esixible posteriormente a documentación acreditativa da capacidade e solvencia e que a mesa se refira a data anterior á de finalización do prazo para presentar proposicións.

B) Documento de aceptación de forma de comunicación/notificación:

Os licitadores presentarán o seguinte documento:

"D/Dª _____, no seu propio nome (ou na representación da empresa _____), acepto expresamente que as comunicacións e notificacións que realice o Concello de Bueu, en relación coa contratación do **SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE BUEU**", se realicen mediante o seu envío ao fax núm. _____ E/OU ao correo electrónico _____

En _____, a _____ de _____ de 2015

Selo e sinatura do licitador,

X.2.2.- Sobre A: Subtitulado "Proxecto técnico de prestación do servizo".

Nel incluírase a documentación relativa ás cuestións relacionadas cos criterios de adxudicación cuxa cuantificación require un xuízo de valor, de conformidade co art. 150 TRLCSP.

Conterá un proxecto redactado por técnico/a do ámbito dos servizos persoais á comunidade comprensivo das tarefas a realizar para a correcta prestación do servizo, con inclusión de todos os aspectos a valorar que contempla a cláusula XI deste prego e formará parte do contrato a todos os efectos. Asemade, neste sobre (A) poderá o licitador incluír calquera outro dato relacionado co obxecto do contrato que considere oportuno incluír para a mellor valoración da súa proposta segundo os criterios determinados neste prego.

A documentación que hai que achegar no sobre A debe ser a acreditativa dos datos a valorar segundo os criterios de adxudicación, **evitándose achegar documentación relativa a xeneralidades sobre a empresa ou a criterios non avaliábeis. Neste sobre non se incluír documentación que poida facer referencia, en ningún caso, ás condicións económicas do contrato ou ás melloras que se ofrecen, que serán valoradas nunha posterior fase da licitación. O incumprimento deste requerimento será motivo de exclusión da licitación.**



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 15 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

A documentación incluída neste sobre deberá estar na súa totalidade subscrita polo licitador e acompañada dunha relación dos documentos que a integran asinada polo licitador, na que declare, baixo a súa responsabilidade, ser certos os datos achegados.

O Concello resérvase a facultade de comprobar en calquera momento a veracidade da documentación presentada, ben antes da adxudicación do contrato, ou ben durante a súa vixencia, podendo realizar tal comprobación por si mesma, ou mediante petición ao licitador ou adxudicatario de documentación ou informes complementarios. A falsidade ou inexactitud de tales datos provocará a desestimación da oferta ou, no seu caso, a resolución do contrato, con perda da garantía constituída, así como a esixencia das responsabilidades e indemnizacións que de tal feito derivense.

Requirimentos mínimos que deberán reunir as ofertas presentadas para seren valoradas:

1. Proxecto descritivo dos traballos e método organizativo para operativizar o SAF, (cunha extensión máxima de 10 follas DIN A4 en WORD tipografía 10.)
2. Relación de persoal con indicación do organigrama estrutural e funcional, con especificación personalizada da titulación académica, formación especializada, experiencia laboral, suficientemente acreditada; e mesmo acreditación de manipulador/a de alimentos e primeiros auxilios. Deberá indicar, así mesmo, as funcións de cada persoa, horarios ou xornada de contratación, recollido en cadro sintético.
3. Compromiso de subrogación do persoal existente na empresa adxudicataria actual, e novas contratacións se houbese.
4. Plan de formación continuada, con expresión sintética das horas de formación, datas, contidos dos módulos ou accións formativas, nivel dos expertos docentes, nivel de acreditación ou titulación obtida no cadro sintético.

X.2.3.- Sobre B: Subtitulado “Oferta económica e melloras gratuítas”.

Nel incluírase a documentación relativa aos criterios de adxudicación aritmética ou avaliable de xeito automático mediante aplicación de fórmulas de conformidade co art. 150 TRLCSP.

Seguirá o modelo do ANEXO IV destes pregos. Asemade conterá as melloras ofertadas e cuantificadas economicamente e con referencia ao número de unidades por ano.

No caso de discordancia entre a cantidade consignada en cifras e a consignada en letra, prevalecerá ésta última.

Non serán aceptadas aquelas proposicións que conteñan omisións, erros ou tachaduras que impidan coñecer claramente todo aquilo que a Administración municipal estime fundamental para a súa oferta.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedera do presuposto base da licitación, variase sustancialmente o modelo establecido, comportara erro manifesto no importe da proposición ou existira reconecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a faga inviable será rexeitada pola Mesa de contratación, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

Tal e como resulta do modelo de proposición económica que figura no anexo IV, no suposto de existir na oferta erros aritméticos nos cálculos do IVE tomarase o valor da base imponible como valor inalterable da proposta económica e, no caso de contradicción entre os prezos unitarios (por hora de prestación do servizo) e os cálculos anuais, tomarase o valor asignado



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 16 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

aos primeiros (prezo/hora) para calcular o importe total da oferta económica consignada na proposición do licitador.

X.2.4.- Documentos orixinais e lingua

Os documentos que se acompañen ás proposicións deberán vir redactados en lingua castelán ou galego e haberán de ser orixinais. Non obstante, admitiranse fotocopias dilixenciadas polo secretario ou funcionario en quen delegue, nas que se faga constar que foron cotexadas cos seus orixinais. A documentación redactada noutra lingua deberá acompañarse da correspondente tradución oficial ao galego ou castelán, en senso contrario, nos será tida en conta.

XI. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

XI.1. Criterios de adxudicación

A valoración das proposición e a determinación da oferta economicamente máis ventaxosa realizarase atendendo aos seguintes criterios de adxudicación

CRITERIOS VALORABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES OBTIDOS A TRAVÉS DA APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS:

a) Mellora á baixa do prezo establecido na cláusula III dos presentes pregos: **Ata 40 ptos.**

Este criterio de adxudicación valorarase obxectivamente atendendo a criterios de proporcionalidade matemática.

O licitador presentará oferta polo PREZO UNITARIO (prezo/hora) para o servizo de axuda no fogar (SAF) de dependencia e outra oferta polo PREZO UNITARIO (prezo/hora) para o servizo en réxime de libre concorrencia (SAF Básico) nos termos que resultan do modelo de proposición económica que figura como anexo IV ao presente acta.

Outorgarase a máxima puntuación establecida á empresa que menor importe do prezo unitario do servizo ofrezca para a execución do contrato e o resto distribuirase proporcionalmente con arreglo a seguinte fórmula matemática:

SAF dependencia: $P = 30 \times \frac{\text{menor prezo ofertado entre todos}}{\text{Oferta licitador}}$

SAF libre concorrencia: $P = 10 \times \frac{\text{menor prezo ofertado entre todos}}{\text{Oferta licitador}}$

Puntuación total= SAF dependencia + SAF libre concorrencia

b) Melloras na prestación de atencións profesionais complementarios a maiores dos previstos nos pregos, sen custo adicional : **ata 20 puntos.**

Dentro deste apartado valorarase exclusivamente a presentación por parte das empresas das atencións profesionais complementarios destinados a mellorar e incrementar a calidade de vida das persoas usuarias e as súas familias, sen ningún custe adicional para o Concello nin a persoa usuaria, e en concreto, o número de horas de atencións profesionais

**CONCELLO DE BUEU****DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación**

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 17 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

relacionadas directamente co servizo, con indicación do tipo de atencións e profesionais que as prestan.

| Atencións profesionais | Unidades de valoración por horas e anualidade | Puntos por unidade de valoración (*) |
|--|--|---|
| Limpezas extraordinarias | 100 | 4 |
| | 200 | 10 |
| Atención psicolóxica e de educación social | 150 | 2 |
| | 250 | 5 |
| Atencións podolóxicas, de fisioterapia, terapia ocupacional | 150 | 1 |
| | 200 | 3 |
| Outras atencións profesionais a especificar de titulados medios ou superiores Superiores | 50 | 0,5 |
| | 75 | 1 |
| Outras atencións non incluídas nos apartado anteriores a especificar (perruquería, acompañamentos etc) | 50 | 0,5 |
| | 75 | 1 |

(*) No suposto de que os licitadores oferten por erro as dúas unidades de valoración que se definen en cada atencións profesionais, só se puntuará polo número máximo de unidades de valoración.

As melloras ofertaránse para a totalidade do período do contrato.

CRITERIOS NON VALORABLES MEDIANTE CIFRAS OU PORCENTAXES OBTIDOS A TRAVÉS DA APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS:

- *Mellor proxecto técnico da prestación do servizo, ata 40 puntos.*

Efectuarase a valoración unicamente sobre os indicadores que se citan:

1) **Dotación e organización dos recursos humanos profesionais**, así como a congruencia das funcións asinadas, apoios técnicos de equipo, cualificación idónea dos profesionais aportados, realización acreditada en programas similares, formación acreditada, categorías de contratación, xornada contratada, fidelización de contratos do persoal, todo isto referido tanto a persoal a subrogar como de nova incorporación, proporción de técnicos de servizos sociais por traballadoras auxiliares e usuarios.. Puntuación máxima do sub-apartado **20 puntos**.

Neste senso os requisitos mínimos para a prestación do servizo axustranse ao disposto no informe da coordinadora do SAF Bueu e traballadora social do concello, M^a Dolores Loira Rodríguez, de 12.3.2015, que se adxunta como anexo VII aos presentes pregos.

2) **Calidade do proxecto de prestación do servizo**, xestión, organización e



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 18 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

funcionamento do mesmo. Puntuación máxima do sub-apartado **15 puntos**.

3) Plan de formación con indicación de horas anuais, contidos e temporalización. Puntuación máxima do sub-apartado **5 puntos**.

A suma dos sub-apartados correspondentes non poderá superar os 40 puntos totais

XI.2. Ofertas temerarias

Cando o órgano de contratación presuma fundamentamente que a proposición non pode ser cumprida como consecuencia de baixas desproporcionadas ou anormais, notificará esta circunstancia ós licitadores supostamente comprendidos nela, para que dentro do prazo de tres días xustifiquen as citadas ofertas, e precisen as condicións das mesmas, en particular, no que se refire ó aforro que permita o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación, a orixinalidade das prestacións propostas, o respecto das disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo vixentes no lugar no que se vaia realizar a prestación, ou a posible obtención dunha axuda do Estado.

A xustificación realizada polos licitadores remitirase ós servizos técnicos a fin de que emitan o correspondente informe.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou temeraria a baixa de toda proposición cuxa porcentaxe exceda en 10 unidades, polo menos, á media aritmética das porcentaxes de baixa de tódalas proposicións presentadas e admitidas, sendo criterios obxectivos para apreciar ou non o carácter desproporcinado ou temerario da baixa, os seguintes:

- Axeitada xustificación dos prezos ofertados.
- Programa detallado de execución do servizo.
- Volume dos servizos xa contratados, en relación cos medios personais e materiais que teña o licitador.

De conformidade co artigo 85.2 RCAP (RD 1098/2001), no suposto de que só concorran dous licitadores, considerarase desproporcionada ou temeraria a oferta que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.

Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e os informes técnicos emitidos, estimase que a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais ou desproporcionados, excluíraa da clasificación e acordará a adxudicación a favor da seguinte proposición economicamente máis vantaxosa, de acordo co orde en que tiveran sido clasificadas.

XI.3. Normas xerais

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento base de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, ou comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoece de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será desestimada polo órgano de contratación, en resolución motivada.

A presentación da oferta vincula ao contratista coa administración municipal de tal modo que a renuncia á adxudicación do contrato ou á prestación do servizo, realizada en calquera fase de tramitación do expediente (a maneira de exemplo: durante o prazo de presentación de ofertas; antes ou despois de: a) a apertura de plicas, b) adxudicación do contrato, d) antes da



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 19 of 45

| |
|---|
| DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 Bueu, a de 2015 A Secretaria do concello Nuria Lobato Del Río |
|---|

formalización do contrato) faculta ao Concello para que proceda á incautación da garantía, no seu caso, sen prexuízo da esixencia de indemnización polos danos e perdas causados á administración contratante e demais consecuencias previstas en TRLCSP. A este efectos, tendo en conta que os contratistas están dispensados de constituír a garantía provisional, a Corporación poderá esixir o dito importe mediante o procedemento de constrinximento, así como para a indemnización por danos e perdas.

XI.4. Apertura e valoración das ofertas.

A mesa de contratación constituiráse ás 10 horas do quinto día hábil seguinte ao do remate de presentación de proposicións (agás sábados), podendo atrasarse ata o décimo día hábil no caso de que non figuren a totalidade das presentadas no Servizo de Contratación, o cal se anunciará oportunamente no perfil do contratante con 24 horas de antelación como mínimo. Unha vez verificadas as declaracións responsables presentadas procederáse á apertura pública do sobre A e se procederá á remisión da devandita documentación ao servizo correspondente para que este emita informe técnico debidamente motivado respecto dos factores de adxudicación non cuantificables de xeito automático.

Unha vez que se efectúe a valoración dos criterios contidos no sobre A, darase a coñecer o acto público de apertura do sobre B con alomenos 48 horas de antelación. A devandita apertura realizarase en acto público, previa convocatoria da mesa de contratación. Este acto público realizarase no lugar e día que determine o presidente da mesa e comunicarse a todos os licitadores e anunciarase no perfil do contratante do órgano de contratación.

O presidente da mesa manifestará o resultado da valoración dos sobres A e procederá á apertura do sobre B, que se valorará mediante a aplicación da fórmula prevista no presente prego, nese mesmo intre ou con posterioridade.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que haxan de terse en conta e en atención aos informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno solicitar, valorará as distintas proposicións presentadas e clasificará, por orde decrecente, as proposicións presentadas que non fosen declaradas desproporcionadas ou anormais. Caso de empate, resolverase a licitación a favor da empresa que acredite ter a maior porcentaxe de persoal laboral fixo con discapacidade no seu cadro de persoal, sempre e canto a devandita porcentaxe sexa superior ao 2%. Caso de non darse ditas circunstancias, adxudicarase ao que presentase a mellor oferta económica; de persistir o empate, resolverase por sorteo entre os licitadores empatados.

A mesa de contratación realizará a proposta de adxudicación ao órgano de contratación no prazo máximo de dous meses dende a apertura das ofertas agás que se dea a circunstancia prevista no artigo 152.3 do TRLCSP, caso no que poderá ampliarse en 15 días hábiles.

XI.5 Presentación de documentación e adxudicación do contrato

Efectuada a clasificación, por orde decrecente, das proposicións presentadas e que non foran declaradas desproporcionadas ou anormais, o órgano de contratación requirirá do licitador cuxa proposición sexa a economicamente máis ventaxosa para que, no prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que houbera recibido o requirimento, presente a seguinte documentación:

a) A documentación xustificativa de que se atopa ó corrente no cumprimento das súas **obrigas tributarias e coa Seguridade Social** ou autorice ó órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación delo.

Tal acreditación realizarase de acordo co seguinte (arts. 13 e seguintes do RD 1098/2001):



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 20 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- Obrigas tributarias:

1.- Orixinal ou copia compulsada da alta no imposto sobre Actividades Económicas no epígrafe correspondiente ó obxecto do contrato, sempre que exerza actividades suxeitas a dito imposto, en relación coas que veña realizando á data de presentación da súa proposición, referida ó exercicio corrente, ou o último recibo, completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

Os suxeitos pasivos que estean exentos do imposto deberán presentar declaración responsable indicando a causa de exención. No suposto de atoparse nalgunha das exencións establecidas no artigo 82.1 apartados b), e) e f) do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, deberán presentar asimismo resolución expresa da concesión da exención da Axencia Estatal de Administración Tributaria.

As unións temporais de empresarios deberán acreditar, unha vez formalizada a súa constitución, a alta no imposto, sen perxucio da tributación que corresponda ás empresas integrantes da mesma.

2.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración tributaria, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 13 do RD 1098/2001.

3.- Ademais, o licitador non deberá ter débedas de natureza tributaria en período executivo de pago co Concello de Bueu. Neste senso, a administración municipal, DE OFICIO, comprobará mediante os datos obrantes na Tesourería o cumprimento de dita obriga.

- Seguridade Social:

Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Solcial, na que se conteña xenéricamente o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 14 do RD 1098/2001.

b) A documentación xustificativa de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

c) A documentación xustificativa de ter aboado tódolos anuncios de licitación.

d) A documentación acreditativa da capacidade xurídica e de obrar, así como da solvencia economico-financieira e técnica esixible no artigo 146 do TRLCSP relacionada no anverso do modelo de declaración xurada que figura como anexo II ao presente prego en base aos requisitos mínimos de solvencia regulados na cláusula IX dos presentes pregos e no cadro resume do contrato do anexo I destes pregos.

e) No seu caso, documentación relativa ao persoal adscrito á prestación do servizo que permita garantir a execución do contrato nos termos previstos na clausula XVII.2 dos presentes pregos.

Os licitadores enumerarán, de forma expresa e clara, aqueles documentos que consideren que, polo seu contido, deben ser reservados por razóns dos intereses comerciais ou de salvaguarda da competencia. De non conter ningunha especificación entenderáse que o licitador considera que ningún dos documentos presentados merece aquela reserva polo seu contido.

De acordo co previsto no art. 22 do Rd 1098/2001, poderá solicitarse do empresario aclaracións sobre os certificados ou documentos presentados para xustificación da súa capacidade, solvencia técnica e económica e ausencia de prohibicións para contratar, ou



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 21 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

mesmo lle pedir a presentación doutros complementarios. Tales requirimentos deberán de cumprirse nun prazo máximo de 5 días naturais.

Por outra parte, se se observasen defectos ou omisións subsanables na documentación presentada comunicárase á empresa concedéndolle un prazo de tres días hábiles para emenda. No suposto de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderáse que o licitador retira a súa oferta, procedéndose a recadar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que houberan quedado clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adjudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. Na adjudicación concretáranse os termos definitivos do contrato. Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo co criterios que figuren no prego. A adjudicación será motivada, notificárase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante. A notificación conterá a información necesaria que permita, de ser o caso, ao licitador excluído ou candidato descartado interpor, consonte ao artigo 40, o recurso correspondente, e, en particular, expresará os seguintes extremos:

- En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que desestimouse a súa candidatura.
- Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adjudicación, as razóns polas que non se houbera admitido a súa oferta.
- En todo caso, o nome do adjudicatario, as características e ventaxas da proposición do adjudicatario determinantes da súa elección preferente aos do resto de licitadores admitidos.

En todo caso, na notificación e no perfil do contratante, indicárase o prazo en que debe procederse a súa formalización consonte ao artigo 156.3 do TRLCSP. A notificación practícarase por calquera dos medios que permiten deixar constancia da súa recepción polo destinatario. En particular, poderá efectuarse por correo electrónico á dirección que os licitadores ou candidatos determinasen ao presentar as súas proposicións, nos termos establecidos no artigo 28 da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos. Sen embargo, o prazo para considerar rexeitada a notificación, cos efectos previstos no artigo 59.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, será de cinco días. O prazo máximo para efectuar a adjudicación será de dun mes a contar dende a apertura das proposicións.

XII. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido por unha Mesa de Contratación que será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e actuará conforme ao previsto no Real Decreto 817/2009, desenrolando as funcións previstas no mesmo.

A Mesa de Contratación estará constituída polos seguintes membros:

- O Sr. Alcalde-Presidente
- O Sr. Concelleiro delegado de economía e facenda.
- O Interventor do Concello.
- A Secretaria do Concello.
- A coordinadora do SAF Bueu e traballadora social do concello do Departamento municipal de servizos sociais

Actuando como secretaria da Mesa de Contratación, a Xefa do Negociado de Secretaría do Concello.

O secretario terá voz pero non voto.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 22 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

A Mesa poderá constituírse validamente coa asistencia, polo menos, do seu Presidente e Secretario, e da metade dos seus membros, entre os que deberán estar, necesariamente, os vogais en funcións de Asesoría Xurídica e Intervención. No curso das súas funcións poderá pedir os informes e asesoramentos que considere convenientes.

De conformidade co sinalado no art.º 24.1 da Lei 30/1992, os membros do órgano sinalado non poderán absterse nas súas votacións.

A composición nominal dos membros da mesa de contratación deberá de publicarse no perfil do contratante, cunha antelación mínima de 7 días con respecto á reunión que deba celebrar para a cualificación da documentación xeral a que fai referencia o art.º 146.1 do TRLCSP.

XIII. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO E OBRIGAS PREVIAS

Para o caso de que o contrato fora adxudicado a unha Agrupación de Empresas deberán estas acreditar a súa constitución, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato, e NIF asignado á Agrupación.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentaráse, previamente á formalización do contrato administrativo, copia da póliza e recibo do seguro de responsabilidade civil obrigatorio para o adxudicatario, segundo a cláusula XIV.2.B) dos presentes pregos.

Cumpridos os anteriores requisitos, a Administración e o contratista formalizarán o contrato en documento administrativo que se axuste con exactitud ás condicións da licitación, constituindo dito documento título suficiente para acceder a calquer rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato sexa elevado a escritura pública, corriendo do seu cargo os correspondentes gastos.

En ningún caso poderánse incluír no documento en que se formalice o contrato cláusulas que impliquen alteración dos termos da adxudicación.

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos, dado que o contrato é susceptible de RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONFORME Ó ARTIGO 40 TRLCSP. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

O contratista, ademais do contrato, deberá asinar os PCAP e os PPT.

Nos casos de incumprimento da obriga precisada nesta cláusula por parte da empresa proposta ou adxudicataria, o contrato poderá resolverse, de ser o caso, e adxudicarse á seguinte oferta máis vantaxosa.

Ó ser o seu importe superior ós 100.000 euros, a formalización do contrato publicarase no BOP.

Non poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización.

XIV.- EXECUCIÓN DO CONTRATO



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 23 of 45

| |
|---|
| DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 Bueu, a de 2015 A Secretaria do concello Nuria Lobato Del Río |
|---|

XIV.1. Relación entre o Concello e o contratista.

A relación Entidade-Concello canalizarase a través do Departamento de Servizos Sociais do Concello e a Concellería Delegada de benestar social de acordo co disposto no presente prego e nos PPT.

A.- Organización do servizo.

A técnica municipal responsable do SAF realizará a valoración do caso e o deseño da intervención asignando as prestacións que considere oportunas. Será, así mesmo, responsable da evolución continuada, dos cambios derivados dela, e da conclusión do caso, cos seguintes criterios:

- O horario da prestación fixarase en función das necesidades de cada caso, de acordo coa normativa aplicable en vigor en cada momento.
- Asignado o servizo, o Concello comunicará por escrito á entidade adxudicataria, indicando as persoas que serán beneficiarias do servizo (altas e baixas, o domicilio, carácter, periodicidade e horario da prestación a realizar en cada caso ou as modificacións que no seu caso sexa preciso introducir).
- O prazo de inicio da prestación, unha vez que a entidade recibe a orde da prestación, será de 7 días naturais como máximo. No caso de altas de carácter urgente o prazo será de 2 días.
- A entidade adxudicataria asumirá tódalas ordes emitidas polo Concello.
- O adxudicatario deberá ter unha sede social con teléfono funcionando permanentemente.

B.- Funcionamento e coordinación.

Dadas as características da poboación beneficiaria, é indispensable que o servizo se preste nun clima de confianza e seriedade, que vai máis alá da mera execución mecánica da prestación, para iso a entidade adxudicataria designará a persoa/as encargada/s da coordinación do servizo e comunicará ó Concello o seu nome, funcións e teléfono de contacto.

O persoal da entidade adxudicataria que realice directamente a prestación recibirá as ordes oportunas do órgano de dirección da súa entidade.

A entidade adxudicataria comunicará á maior brevidade posible, calquera incidencia no desenvolvemento da prestación ó Concello, a fin de que este tome as medidas oportunas en cada caso.

C.- Control.

A responsable co contrato constatará a execución dos servizos pola adxudicataria e o grao de calidade na prestación dos mesmos, así como aqueles outros aspectos que considere oportunos ou lle sexan requiridos pola Concellería de Servizos Sociais ou benestar social.

A responsable do contrato e a/o concelleira/o da área poderán, en calquera momento, conectar coa entidade adxudicataria a fin de recabar información sobre os usuarios e a marcha xeral do servizo, promovendo a tal fin as reunións pertinentes cos responsables de dita entidade (establecemento de reunións periódicas, presentación de memorias...).



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 24 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

En todo caso, presentaránse pola entidade adxudicataria informes mensuais de seguimento de cada caso, dirixidos á técnica responsable do departamento municipal.

O Concello poderá esixir ó persoal da empresa que preste o servizo, que se someta a recoñecemento médico se o estima oportuno, así como esixir á empresa proba documental de ditos recoñecementos.

D.- Relacións co usuario.

A entidade e o seu persoal deberá de eludir todo conflito persoal cos usuarios, informando expresamente de todo incidente que se producira ó Concello para que este resolva.

O persoal da entidade deberá observar en todo momento as medidas de seguridade e hixiene dispostas na lexislación vixente, así como manter sempre o segredo profesional, cumprindo as regras da boa fe e dilixencia.

XIV.2. Dereitos e obrigas.

A.- Potestades do Concello.

- Ordenar as modificacións na prestación que aconselle o interese público.
- Fiscaliza-la xestión da entidade adxudicataria, podendo inspecciona-lo servizo e a documentación relacionada co mesmo, e dictar as ordes para manter ou restablece-la prestación.
- Impoñer á entidade contratada as correccións pertinentes por razóns das infraccións que se cometesen.
- Cando o persoal da entidade contratada non procedese coa debida corrección no seu cometido o Concello poderá esixir a dita entidade que prescindida dos traballadores en cuestión, substituíndoo por outro.
- Rescata-lo servizo.
- Suprimir o servizo.
- Calquera outra que veña establecida pola lexislación vixente.

B.- Obrigas da entidade adxudicataria.

- Prestar o servizo do modo disposto polo contrato ou ordenado posteriormente polo Concello, respectando en todo momento as regras contidas no regulamento municipal.
- Deberá en todo caso axustarse á diferente normativa que rexe o servizo tanto estatal, autonómica como municipal, sen prexuízo de calquera outra que resulte de aplicación ou que se dictase durante a execución do contrato, así como as relacións laborais no seo da súa empresa, especialmente no tocante á regulación vixente en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo, seguridade e hixiene no traballo, debendo ter ao seu cargo o persoal necesario para a realización do obxecto do contrato, respecto do que ostentará a tódolos efectos, a condición de empresario e quedando a Administración municipal exonerada de responsabilidade polo seu incumprimento.
Como resultado desta obriga deberá cumprir o seguinte:



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 25 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- ao longo da primeira quincena de cada mes, o contratista quedará obrigado a entregar no servizo de contratación do departamento de secretaría, copia simple dos TC-1 e TC-2 liquidados do mes anterior, correspondentes ao persoal destinado á execución do contrato.

 - o persoal ao servizo da empresa contratista deberá ir debidamente identificado como persoal de dita empresa. Neste senso, o contratista quedará obrigado a entregar, no servizo de contratación do departamento de secretaría, no primeiro mes dende a formalización do contrato, a relación do persoal asignado ao cumprimento do contrato, identificandoo con seus nomes e apelidos, DNI, categoría profesional, data de alta na Seguridade Social e antigüidade na empresa, quedando obrigado a comunicar cualquier variación ao respecto dentro da primeira quincena seguinte ao mes na que se produza cando non sexa posible a súa comunicación con anterioridade
- O contratista non poderá substituír ó persoal facultativo adscrito á realización dos traballos, sen a expresa autorización do responsable do contrato do que darase conta ao órgano de contratación. Neste senso nos supostos nos que o persoal adscrito ao servizo, por causa non imputable á administración municipal, non poidera facelo nun determinado período de tempo por causa xustificada, o contratista quedará obrigado a notificalo ao Concello con antelación suficiente, na medida do posible, xunto cunha proposta de substitución do mesmo que deberá ser previamente informada pola responsable do contrato, co fin de que se comprobe que cumpre os requisitos de capacidade establecidos neste prego e normativa correspondente, e autorizada polo órgano de contratación, na que deberá indicar o nome e o cumprimento dos requisitos de solvencia técnica e profesional sinalados neste prego
 - Expresamente se sinala que non xurdirá relación contractual de ningún tipo entre o Concello e o persoal ó servizo da empresa a consecuencia da execución do contrato por esta, xa sexa por extinción da sociedade, quebra, suspensión de pagamentos, rescate ou calquera outra causa similar.
 - A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista. Neste senso, será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inaxeitados ou conclusións incorrectas na execución do contrato
 - Admitir ó disfrute do servizo a toda persoa indicada polo Concello.
 - Dispoñer das medidas persoais e materiais suficientes para a prestación do servizo, así como incrementar este medio en caso de ampliación do servizo, asumindo tódolos custes derivados da relación de dependencia de dito persoal, que, en ningún caso, se considerará municipal.
 - En todo caso, é obrigatorio que a empresa dispoña de cadeiras de rodas, grúas de mobilización persoal, camas articuladas (incluído colchón), cadeiras de ducha e de bañeira, andadores e muletas, para tódalas persoas usuarias que o requiran, a criterio do persoal profesional do Concello.
No Anexo V ós presentes pregos especifícanse os usuarios actuais destas axudas técnicas.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 26 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- Atoparse ó corrente no pago nas responsabilidades fiscais e de Seguridade Social.
- Cumprir as disposicións laborais e de Seguridade Social que sexan inherentes á súa condición de empresario, respecto do persoal ás súas ordes que presten o servizo.
- Responder dos danos e prexuízos que ocasione con motivo da execución do servizo, incluídos usuarios e terceiros, e dos gastos ocasionados á administración municipal por demora no cumprimento das súas obrigas.
- A contratación do persoal necesario para a explotación do servizo, sendo da súa conta o pago dos salarios, emolumentos e seguros sociais e cantos outros gastos se deriven dos medios persoais de que se dispoña; sen prexuízo da verificación por parte deste Concello do cumprimento dos requisitos que lles sexan esixibles.
- Todo o persoal contratado disporá da formación obrigatoria segundo a normativa aplicable.
- Aceptar as ordes que dicte o Concello, a través do responsable do contrato e do persoal adscrito ao Departamento de Servizos Sociais, para a identificación e control do persoal consignado pola entidade adxudicataria para a prestación do servizo ó usuario.
- Ter subscrito un seguro de responsabilidade civil que ampare a súa actividade.
- Non poderá subarrendar, ceder ou traspasar os dereitos e obrigas derivados do contrato.
- O contratista e, no seu caso, todo o persoal que teña relación directa ou indirecta coa prestación do servizo obxecto da contratación, deberán gardar secreto profesional sobre todas as informacións, documentos e demais asuntos aos que teñan acceso ou coñezan ao longo da vixencia do contrato e, especificamente, non poderán dar información sobre os usuarios atendidos, nin das actividades realizadas a ningunha persoa e/ou entidade sen a autorización expresa da responsable do contrato. Asemade non poderán facer público e/ou enaxenar cantos datos coñezan en execución deste contrato, incluso despois de finalizar o prazo contractual.
- O adxudicatario deberá cumprir co disposto no artigo 12 da lei orgánica 15/99, de 13 de decembro de protección de datos de carácter persoal e no real decreto 1720/2007 e, no seu caso, a formar e informar ao persoal que poidera vincular á prestación do servizo das obrigas que de tales normas dimanaran.
- A documentación, que no seu caso, sexa entregada polo concello ou calqueira outra administración e/ou particular para a prestación do servizo obxecto do contrato destinarase ao exclusivo fin das tarefas relativas á prestación da atención psicolóxica obxecto do mesmo, quedando totalmente prohibido para o adxudicatario a súa reprodución por calquier medio e a cesión total ou parcial a calquer persoa física ou xurídica.
- Todos os datos e información manexada polo adxudicatario a causa do desenvolvemento da súa actividade, incluíndo os soportes empregados, xa sexa papel, fichas, magnéticos u ópticos, serán propiedade do concello de Bueu sen que o adxudicatario poida conservar copias ou utilizalos cunha finalidade diferente á que resulta da contratación.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 27 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- Ao remate do contrato, os expedientes dos usuarios atendidos quedarán en propiedade do concello de Bueu, arquivados pola entidade adxudicataria, completos e debidamente organizados.
- No suposto de que o adxudicatario empregase algún equipo informático da súa propiedade para almacenar a información que resulta da prestación do servizo obxecto da contratación, ao remate da execución do contrato, deberá facilitar copia da mesma ao departamento de servizos sociais no soporte que pola responsable do contrato lle sexa indicado, procedendo de seguido ao borrado de dita información do equipo que a contén, mediante o correspondente formateo do disco duro .
- Garantizarase o coñecemento do galego do persoal adscrito ao servizo

XIV.3. Subrogación do persoal.

De conformidade co establecido no artigo 70 do VI convenio colectivo marco estatal de servizos de atención ás persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal, o persoal da empresa saínte dunha contrata pasará a estar adscrito á nova empresa titular da contrata, a cal se subrogará en tódolos dereitos e obrigas que tiveran recoñecidos na súa anterior empresa, entregando ó persoal un documento no que se reflicta o recoñecemento dos dereitos da súa anterior empresa, con mención expresa, alomenos, á antigüidade e á categoría, dentro dos trinta días seguintes á subrogación.

No Anexo V ós presentes pregos especificanse o persoal a subrogar da empresa IDADES S.L. que resulta do informado polo representante da citada entidade mediante informe de 14.4.2015, incorporado ao expediente administrativo.

XIV.4. Modificacións contractuais.

Procederán exclusivamente nos casos previstos pola lexislación contractual, sempre que teñan relación co obxecto do contrato e sirvan ó cumprimento do seu fin. A modificación deste contrato suxeitaráse ó disposto no artigo 219 TRLCSP así como ó disposto no título V do libro I (artigos 105 a 108 do TRLCSP).

De conformidade co artigo 106 TRLCSP, o Concello de Bueu poderá modificar o contrato, concretamente aumentar o número de horas de prestación do servizo derivado da aplicación progresiva da Lei de Dependencia ou por maiores necesidades dos veciños/as de Bueu con dificultades para a realización das actividades básicas da vida diaria. Estas modificacións no importe anual máximo a que ascenderá o servizo a prestar pola empresa adxudicataria, non poderán exceder do 20% do seu cómputo global anual, e deberán ser asumidas por esta cos prezos contractuais que rixan en dito momento, sen dereito a revisións distintas das que expresamente se contemplan no presente prego.

XV.- SUCESIÓN NA PERSOA DO CONTRATISTA.

De conformidade con artigo 85 do TRLCSP, nos casos de fusión, escisión, aportación ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade absorbente ou resultante, quedando subrogada en tódolos dereitos e obrigas derivadas do mesmo, sempre que teña a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación ou que as sociedades participantes nas ditas operacións responsabilícense solidariamente da execución do contrato. En caso contrario, resolverase o contrato considerándose a tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

XVI.- RESPONSABLE DO CONTRATO



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 28 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015 de Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

O responsable do contrato será a coordinadora do SAF Bueu e traballadora social do concello (M^a Dolores Loira Rodríguez) do Departamento de servizos sociais do concello de Bueu, quen supervisará a correcta execución do contrato e cursará ao contratista as ordes e instrucións do órgano de contratación de cara a asegurar a mesma.

No suposto de substitución do responsable do contrato lle será comunido por escrito ao contratista nun prazo de dez días hábiles a data na que se houbera producido.

O responsable do contrato terá, entre outras, xunto coas funcións relacionadas ao longo dos presentes pregos e as que resultan dos PPT, as seguintes funcións:

- Tramitar cantas incidencias surxan ao longo da execución do contrato.
- Convocar cantas reunións considere necesarias para a correcta prestación dos servizos contratados e a súa supervisión á que estrá obrigada a acudir o contratista.
- Conformar as facturas correspondentes aos servizos realizados según as condicións establecidas nos presentes pregos.
- Propor ás modificacións contractuais que considere necesarias e convintes nos límites que resultan da cláusula XIV.4 dos presentes pregos e do TRLCSP.
- Dar as ordes oportunas para acadar os obxectivos do contrato.
- Informar a proposta de substitución do persoal adscrito á execución do contrato que sexan presentadas polo contratista.
- Informar sobre as prórrogas na duración do contrato previstas na cláusula II dos presentes pregos.

XVII.- EXECUCIÓN DEFECTUOSA E DEMORA. PENALIDADES

No caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato e, en aplicación do artigo 212 do TRLCSP, se impondrán penalidades en contía non superior ao 10% do prezo de adjudicación do contrato e de forma proporcional á gravidade do incumprimento, previo expediente instruído ao efecto e previa audiencia do interesado.

Os importes por penalidades faranse efectivos mediante deducción dos mesmos no documento de pago ao contratista correspondente ao mes seguinte ao do acordo de imposición de penalidades. A aplicación e o pago de penalidades non exclue da indemnización á que a Administración municipal tivera dereito por danos e perxuízos imputables ao contratista.

Os incumprimentos contractuais do adxudicatario na execución da prestación do servizo obxecto do contrato cualificaranse como leves, graves e moi graves do seguinte xeito:

a) Terán a consideración de **infraccións leves** aquelas que, pese ao incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade, e conlevarán unha penalidade do 2% do prezo de adjudicación e se tipifican como tales as seguintes:

- o Retraso, negligencia ou descoido leve no cumprimento das súas obrigas.
- o Lixeira incorrección cos usuarios.
- o En xeral, a falta de puntualidade ou incumprimento dos seus deberes por negligencia ou descoido que non afecten de xeito esencial á prestación do servizo.



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 29 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

- As previstas como tales no VI convenio colectivo marco estatal de servizos de atención a persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal (BOE 18/05/2012) e na lei de servizos sociais de Galicia.

b) Terán a consideración de **infraccións graves** e conllevarán unha penalidade do 5% do prezo de adxudicación e se tipifican como tales as seguintes:

- O abandono do servizo, as reiteradas faltas de puntualidade, negligencia ou descoido continuado na prestación do mesmo.
- O trato vexatorio ó usuario, salvo naqueles casos nos que se puidera calificar como moi grave.
- Falsidade ou falsificación na información dos servizos prestados.
- En xeral, o incumprimento grave dos deberes e obrigas cos usuarios e a comisión de 3 faltas leves no transcurso dun ano.
- Non gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que se coñezan en razón do servizo prestado e que prexudique ó usuario ou se utilice no seu propio proveito.
- As previstas como tales no VI convenio colectivo marco estatal de servizos de atención a persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal (BOE 18/05/2012) e na lei de servizos sociais de Galicia.

c) Terán a consideración de **infraccións moi graves** e darán lugar á rescisión do contrato, sen prexuízo da aplicación dunha penalización do 10% do prezo de adxudicación do contrato, as seguintes:

- A acumulación ou reiteración de 3 faltas graves no transcurso de un ano.
- A notoria falta de rendemento, a prestación incorrecta ou defectuosa do servizo, tanto na súa calidade como na súa cantidade, que afecte gravemente á prestación do servizo.
- A negativa infundada a realizar os servizos ou tarefas ordenadas por escrito polo Departamento de Servizos Sociais, sempre que esta sexa unha actividade directamente imputable á empresa ou ós directivos responsables.
- Calquera conducta constitutiva de delicto, especialmente as coaccións ou roubo ás persoas usuarias do servizo.
- As ofensas verbais ou físicas ou o trato vexatorio grave ó usuario.
- En xeral, as accións ou omisións que supoñan infracción ou incumprimento do servizo obxecto do contrato e as características do mesmo que se opoñan manifesta e notoriamente a este prego de condicións e ó Regulamento do Servizo.
- As previstas como tales no VI convenio colectivo marco estatal de servizos de atención a persoas dependentes e desenvolvemento da promoción da autonomía persoal (BOE 18/05/2012) e na lei de servizos sociais de Galicia.

XVII.- PRAZO DE GARANTÍA E DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

O prazo de garantía é tres meses a contar dende a data de finalización do contrato ou no seu caso as prórrogas que se produzan. Ao longo do prazo de garantía ao contratista poderá



CONCELLO DE BUEU

DEPARTAMENTO SECRETARÍA-Servizo de contratación

RÚA DE EDUARDO VINCENTI, 8. 36930 - BUEU (PONTEVEDRA)
SECRETARIA@CONCELLODEBUEU.ORG / TLF. 986 390 029 / FAX 986 322 099
CIF: P3600400 J. Rex. E.111

Rf. PCAP/S/C23-15

Page 30 of 45

DILIXENCIA: Para facer constar que o presente prego de cláusulas administrativas particulares foi aprobado por acordo da Xunta de goberno local adoptado na súa sesión ordinaria de data de 2015
Bueu, a de 2015
A Secretaria do concello
Nuria Lobato Del Río

